

11 Mayo de 2015 - Revista 1020

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 8

PREMIOS E CONCURSOS / 10

NOVAS DE EMPREGO / 11

EN PORTADA

Comeza hoxe o programa de voluntariado ambiental nas Illas Atlánticas no que participarán preto de 400 persoas

Venres, 08 Maio 2015 09:09

Un grupo de seis voluntarios iniciaron hoxe na **Illa de Ons** o **programa de voluntariado ambiental no Parque Nacional das Illas Atlánticas**. Nesta iniciativa poderán participar ata o mes de setembro un total de **376 voluntarios e voluntarias maiores de 16 anos**, aínda que os menores de idade só poderán tomar parte coa autorización dos pais. Os participantes executarán **2.000 xornadas de acción voluntaria nas illas Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada**.

Esta actividade permite canalizar, a través do voluntariado, a participación activa da sociedade no coidado e na conservación deste refuxio da biodiversidade, ao tempo que permite aos voluntarios gozar do parque e dos seus valores, así como axudar nas tarefas de recuperación dos ecosistemas dos arquipélagos das illas.

Os voluntarios e voluntarias teñen cuberta a manutención, o aloxamento, o material necesario para a actividade e contan cun seguro de accidentes e de responsabilidade civil e, ademais, ao finalizar a actividade obterán un certificado acreditativo da acción que realicen, que será inscrita como experiencia no *Registro de Acción Voluntaria de Galicia*.

Este programa de voluntariado ambiental conta nesta edición con catro accións diferentes. No mes de maio, a illa de Ons conta con grupos de 6 persoas voluntarias en quendas de 5 días, de luns a venres.

En xuño, xullo e agosto, as illas de Sálvora e Cortegada terán grupos de 8 voluntarios en xornadas diarias, sen pernoctar. Os martes sairán do porto de Carril cara a Cortegada ás 12,00 horas, e regresarán ás 19,00 horas. E os xoves, a actividade terá lugar en Sálvora, entre as 10,00 e 18,00 horas, con saída desde Aguiño.

As accións que realizarán en Ons, Sálvora e Cortegada centraranse especialmente na colaboración cos técnicos do propio Parque Nacional en tarefas de oceanografía e recursos mariños, fauna, flora e biodiversidade. Entre outros labores, poderán cooperar na erradicación de especies alóctonas, en apoio ás tarefas de guías e información, na adecuación de sinais indicativas, na reforestación con especies autóctonas ou na limpeza de praias e sistemas dunais.

Voluntariado nas Illas Cíes

Nas illas Cíes desenvolveranse dous tipos de accións nos meses de **xullo e agosto**. Na primeira, o obxectivo principal é dar apoio ás persoas con diversidade funcional que visitan a illa, ofrecéndolles acompañamento tanto nas visitas guiadas a lugares de interese, como nos momentos de ocio. Esta actividade terá lugar en quendas de 7 días, de mércores a mércores, e poderán participar tres voluntarios por quenda.

A segunda das accións das Cíes é un campo de traballo que contará con catro quendas de 12 días de duración cada unha. Poderán participar 120 voluntarios de entre 18 e 30 anos de diferentes nacionalidades, xa que é unha actividade de carácter internacional. A actividade a desenvolver será ambiental e consistirá en labores de mantemento da illa, vixilancia de incendios, traballos de información e sensibilización aos visitantes e intervencións puntuais de mellora no parque

Publicada no DOG a convocatoria do certame Xuventude Crea con premios para 11 especialidades artísticas

Venres, 08 Maio 2015 09:10

O *Diario Oficial de Galicia (DOG)* publica hoxe a orde pola que se convoca o **certame Xuventude Crea 2015**, que ten como obxectivo fundamental fomentar a creatividade xuvenil, ao tempo que permite á mocidade manifestar as súas inquietudes artísticas e culturais.

Os destinatarios desta iniciativa son mozos e mozas de entre 16 e 30 anos, que poderán presentar os seus traballos nalgunha das seguintes especialidades: teatro, artes plásticas (pintura e escultura), fotografía, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, moda e deseño de xoias. Agás no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual. Todas as obras terán que ser en galego, orixinais e inéditas.

Cada unha das especialidades contará con tres premios: o primeiro, de 3.000 euros; o segundo, de 1.500; e o terceiro, de 1.000 euros. Ademais, seguindo a liña da edición anterior, co obxectivo de axudar á mocidade na súa inserción laboral, o xurado estará composto por profesionais que ocupan postos de decisión en cada un dos sectores implicados no concurso, o que permitirá tamén que os participantes poñan as súas creacións en contacto co mundo empresarial dun xeito directo.

Na especialidade de teatro, un 25% dos compoñentes do grupo pode superar os 30 anos ou ter entre os 14 e 16 anos. As obras poderán ser de autores galegos, españois ou estranxeiros, e a duración non poderá exceder dunha hora e trinta minutos.

As artes plásticas inclúen pintura e escultura. A técnica será libre, e xunto coa documentación a presentar cada participante deberá enviar tamén unha fotografía da obra.

No caso da música, poderán participar solistas e grupos de música contemporánea. Admitirase tamén que un 25% dos compoñentes do grupo supere os 30 anos, e poderá superar a idade máxima a persoas que desenvolva a función de acompañamento musical no caso dos solistas.

Pola súa banda, o relato breve deberá presentarse escrito a ordenador, cunha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografiadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas, nun único exemplar.

Na categoría de poesía, o tema e técnica serán libres. Tamén deberán presentarse a ordenador, e terá unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas, e tamén deberán presentarse nun único exemplar.

En canto á videocreación, os participantes só poderán presentar obras que non teñan concedidas axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes. O tema será libre, pero deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental.

As obras de banda deseñada tamén poderán ser de temática e técnica libre. O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3, e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa, deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais. Cada obra deberá levar pseudónimo e título.

Os traballos de graffiti poderán ser individuais ou en grupo (cun máximo de 3 membros) e, de novo, tanto a técnica como o tema serán libres.

Na categoría de deseño de xoias, a colección estará composta por tres pezas. Xunto coa documentación, o participante deberá presentar unha fotografía de cada unha das tres xoias.

Xa por último, os participantes na categoría de moda deberán presentar unha colección coherente de 5 modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos. Os deseños deberán presentarse en láminas de formato DIN A-3, de fronte e de costas. Haberá que engadir unha ficha técnica da colección e mostra dos tecidos que se empregarán na confección.

Publicada no DOG a convocatoria de 223 prazas en residencias xuvenís dependentes de Traballo para o curso 2015/2016

Luns, 11 Maio 2015 09:00

O *Diario Oficial de Galicia (DOG)* publica hoxe a orde pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes da *Consellería de Traballo e Benestar para o curso 2015-2016*. Son un total de 223 prazas: 74 no centro residencial xuvenil "Lug" de Lugo, 55 na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas de Ourense, e 94 na de Altamar de Vigo.

Todas as prazas son en réxime de internado, o que inclúe aloxamento e mantenza. Ademais, nas tres instalacións ofrécense unha serie de actividades convivenciais e educativas.

Poderán ser beneficiarios os mozos e mozas que reúnan os seguintes requisitos: ter os 16 anos cumpridos e non superar os 30 na data do 31 de decembro de 2015; posuír nacionalidade española, pertencer a un país membro da Unión Europea, ou ser estranxeiro residente en España e non ter perdido a condición de residente por causa imputable á persoa solicitante.

No caso dos estudantes son requisitos específicos: cursar estudos de bacharelato, de ciclos formativos de grao medio ou superior, ou estudos universitarios cuxa oferta non estea dispoñible no concello onde radique a residencia familiar do participante.

Ademais, o 9% das prazas están reservadas para mozos e mozas traballadores que teñan o seu posto nun concello distinto ao da súa residencia familiar.

Á hora de adjudicar as prazas, teranse en conta os seguintes baremos xenéricos: a antigüidade na residencia; a renda da unidade familiar; a situación de familia numerosa; a condición de orfandade do solicitante; discapacidade de calquera membro da unidade familiar; a residencia, segundo sexa dentro ou fóra de Galicia; estar en estado de xestación no caso das mulleres; ser vítimas de violencia de xénero ou que os seus proxenitores a sufrisen; ter un irmá con praza renovada na residencia; ter condición de familia monoparental; e a situación laboral de desemprego sen prestación económica do pai ou nai.

O período máximo de estadía das persoas beneficiarias será de 11 meses, entre o 1 de setembro de 2015 e o 31 de xullo de 2016. A cota mensual será de 324 euros por mes. O **prazo** de presentación das solicitudes é de **15 días hábiles desde o día seguinte da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia**.

15 prazas de colaboradores bolseiros

Este mesmo mes a *Consellería de Traballo e Benestar* convocou 15 prazas de colaboradores-bolseiros nestas tres residencias xuvenís: 4 en Lugo, 5 en Ourense, e 6 en Vigo. Os beneficiarios das mesmas contarán con aloxamento e mantenza gratuítos, a cambio de desenvolver labores de dinamización xuvenil.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Bolsa de traballo no CSIC

Martes, 05 Maio 2015 08:17

O **CSIC** fai unha convocatoria para elaborar **unha bolsa de traballo para a selección e contratación de persoal temporal, investigadores en formación e titulados en prácticas**.

O **bolsa** terá unha **vixencia de tres anos** dende a súa publicación

Máis información: <https://sede.csic.gob.es/servicios/formacion-y-empleo/bolsa-de-trabajo>

Xuventude Crea 2015

Mercores, 06 Maio 2015 00:00

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* convoca o **Programa Xuventude Crea** nas especialidades de teatro, artes plásticas, música, relato breve, poesía, videocreación, banda deseñada, graffiti, moda e deseño de xoias.



Poderán participar mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade feitos no ano 2015.

Salvo no caso das especialidades de teatro, música, banda deseñada e graffiti, a participación será sempre a título individual.

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **30 de xuño de 2015**.

Premios por cada unha das especialidades:

- Un primeiro premio de 3.000 €.
- Un segundo premio de 1.500 €.
- Un terceiro premio de 1.000 €.

As obras dos/as participantes premiados/as quedarán en posesión da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Teatro:

Poderán concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2015. Admitirase que ata un 25% dos/as compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teñan entre os 14 e 16 anos.

Artes plásticas:

Establécense as seguintes modalidades: pintura e escultura.

Deberase presentar unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. No caso de obras escultóricas, as fotografías deberán presentarse desde diferentes perspectivas para que se poida realizar a valoración adecuada delas.

Fotografía:

As persoas participantes presentarán Unha ou varias fotografías en cor ou branco e negro da obra presentada, adheridas a un folio (preferentemente DIN A-4) e tamén en CD. As obras orixinais serán requiridas ás persoas participantes só no caso de que fosen seleccionadas para a exposición ou previamente cando, a xuízo da comisión, sexa necesario velas co fin de outorgar os premios.

Música:

Poderán concorrer solistas e grupos de pop, folk, rock, hip-hop e demais variedades de música contemporánea.

Admitirase que ata un 25% dos/as compoñentes do grupo supere os 30 anos. Tamén poderá superar a idade máxima a persoa que desenvolva a función de acompañamento musical cos/as participantes que se presenten como solistas.

Relato breve:

As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

O tema será libre.

As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4, e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Poesía:

As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

O tema e a técnica serán libres.

As obras, que deberán estar feitas a ordenador, terán unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12. As follas estarán numeradas e encadernadas e presentaranse en único exemplar.

Videocreación:

As obras serán orixinais, inéditas e en galego.

Quedan excluídas deste certame todas as obras que teñan concedidas axudas económicas da Administración autonómica para a súa realización, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes.

O tema será libre, máis deberá dar prioridade aos contidos artísticos e culturais dunha maneira innovadora e experimental. Enténdese por experimental a obra que se sitúa fora dos códigos convencionais, que aposta por fórmulas audiovisuais onde se dá prioridade á subxectividade.

Banda deseñada:

As obras serán orixinais e inéditas.

A temática será libre, con textos en galego.

A técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor.

O formato deberá ser en DIN A-4 ou DIN A-3 e a extensión mínima terá que ser de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais.

Cada obra deberá levar pseudónimo e título.

Graffiti:

As obras serán orixinais, inéditas e, de ter texto, este estará en galego.

O tema e a técnica serán libres.

Os traballos poderán ser individuais ou en grupo, neste último caso poderán ter un máximo de 3 membros.

Deseño de xoias:

A colección debe ser orixinal e estará composta por 3 xoias. O acabado das pezas debe traballarse en metal con pezas de xoiería, excluindo a utilización de fornitureas compradas.

Os/as participantes presentarán unha fotografía de cada unha das 3 xoias que poderán ser tanto para home como para muller.

Moda:

As coleccións deben ser orixinais.

Os/as participantes presentarán unha colección coherente de 5 modelos de home ou muller. Terá que definir o tecido utilizado e os complementos para cada un dos modelos presentados. Presentaranse estes deseños en láminas de formato DIN A-3 (297 mm x 420 mm), con deseño de fronte e de costas.

Ficha técnica da colección e mostras dos tecidos que se empregarán na súa confección.

Máis información no DOG do 6 de maio de 2015 e en <https://sede.xunta.es> co procedemento BS310Q.

Iniciativa Xove 2015

Mercores, 06 Maio 2015 06:56

Ata o vindeiro día 11 deste mes de maio está aberto o prazo para solicitar a participación nas axudas de INICIATIVA XOVE.

Programa Outra + Outra 2015

Mercores, 06 Maio 2015 07:42



Comeza o programa **Outra + Outra 2015**, posto en marcha pola *Fundación Paideia* en colaboración coa *Rede Cultural da Deputación de A Coruña*. A finalidade do programa é a promoción musical de grupos de música de estilo pop-rock, da provincia de A Coruña.

No marco do proxecto, realizaranse dúas audicións:

1. AUDICIÓN DE RIANXO: que terá lugar o día 16 de maio de 11:00 a 14:00 horas, no auditorio municipal de Rianxo, Autores da Rianxeira, s/n (Parque Galicia), 15920. Inscripción ata as 24:00 horas do 12 de maio de 2015.

2. AUDICIÓN DE A CORUÑA: que terá lugar o día 30 de maio, de 11:00 a 14:00 horas, no Estudio de Gravación Mans, Polígono Pocomaco, parcela d-22, 15190. Inscripción ata as 24:00 horas do 26 de maio de 2015.

As persoas interesadas en participar, deben cubrir o formulario de solicitude que se atopa na páxina web www.mans-paideia.com e envíalo o *Estudio de Gravación Mans*, situado no Polígono de Pocomaco, parcela D22, CP 15190 en A Coruña, adiantando á dirección de correo electrónico

outramaissoutra@estudiosmans.com

A Organización outorgará sete premios en cada unha das audicións. Cada un dos gañadores terá dereito á gravación, mezcla e masterización dun EP de duración máxima de 20 minutos no Estudio de Gravación Mans en A Coruña. Nel incluírase a gravación do tema gañador, así como outros temas de composición propia do mesmo estilo musical.

Correspondentes Xuvenis no IES Xelmírez I de Santiago de Compostela

Xoves, 07 Maio 2015 06:38



Andrea, Ánxela, Irene e Andrea, falta Ana, son as **Correspondentes Xuvenis do IES Xelmírez I de Santiago de Compostela**.

Son as responsables de difundir información xuvenil entre os seus compañeiros de instituto.

Parabéns a todas elas!!

Campos de traballo en Islandia

Xoves, 07 Maio 2015 13:10



O vindeiro luns ábrese o **prazo** para que os mozos e mozas interesados podan solicitar a súa praza en distintos **campos de traballo en Islandia** que terán lugar no que resta de ano. Ofértanse un total de 36 prazas en 18 campos de traballo.

Os participantes terán a oportunidade única de interactuar e coñecer a cultura islandesa ademais de traballar con outros voluntarios internacionais. A temática máis recorrida como a protección medioambiental e actuacións na natureza se unen outras como as actividades relacionadas co periodismo e a fotografía en Reykjavik, ou a celebración do Nadal e Aninovo con mozos e mozas doutros países e culturas tratando de promover a paz e amizade a través do intercambio e a aprendizaxe intercultural.

Prazas nas residencias xuvenís da Dirección Xeral de Xuventude

Venres, 08 Maio 2015 05:44



A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado convoca **223 prazas para mozos e mozas**, nas súas **residencias xuvenís para o curso académico 2015/2016**, no réxime de internado.

As prazas ofértanse tanto para mozas e mozos estudantes como traballadoras/es.

O **período máximo de estadía** das persoas beneficiarias será de **11 meses** e estará comprendido entre o **1 de setembro de 2015 e o 31 de xullo de 2016**. Exceptúanse os períodos de vacacións de Nadal e Semana Santa.

Prazas:

Lugo: Centro Residencial Xuvenil LUG. 74 prazas

Ourense: Florentino L. Cuevillas. 55 prazas

Vigo: Altamar. 94 prazas.

Do total de prazas resérvase un 9% para mozos e mozas que desempeñen unha actividade estatutaria, funcionarial ou laboral, tanto se é por conta propia como allea:

Lugo: Centro Residencial Xuvenil LUG. 7 prazas

Ourense: Florentino L. Cuevillas. 5 prazas

Vigo: Altamar. 8 prazas.

Requisitos para mozos e mozas estudantes:

- Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 na data do 31 de decembro de 2015.
- Cursar estudos de ciclos formativos de grao medio, de bacharelato, de ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios tendentes á obtención de título de grao ou equivalente ou ben, mentres non se xeneralice a implantación dos novos títulos universitarios, estudos universitarios de 1º, 2º ou 3º ciclo nunha facultade ou escola universitaria, ou estudos superiores en ensinanzas artísticas.
- Que no concello onde radique a súa residencia familiar non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar o/a solicitante. Exceptúase do anterior a realización de estudos universitarios, nos que o/a solicitante non acade a nota de corte ou puntuación académica mínima esixida para o ingreso nas facultades ou escolas universitarias da localidade de residencia familiar.

Requisitos para mozos e mozas traballadoras/as:

- Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia familiar da persoa solicitante.
- No caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida terá que ter unha duración mínima de 3 meses a contar dende a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
- No caso de ser unha persoa traballadora autónoma por conta propia, será necesario que estea dada de alta no Réxime de traballadores/as autónomos/as da Seguridade Social, con anterioridade á publicación da presente convocatoria.

Prezo mensual: 324 €

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o **27 de maio de 2015**.

As solicitudes poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **BS303B** para estudantes e **BS303D** para traballadoras/as.

Máis información no DOG do 8 de maio de 2015.

Lugo: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-lugo.html>

Ourense: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-ourense.html>

Vigo: <http://xuventude.xunta.es/residencia-de-vigo.html>

Prazas de aloxamento para estudantes da Universidade de Santiago de Compostela

Luns, 11 Maio 2015 14:49



A Universidade de Santiago de Compostela convoca **prazas de aloxamento para o curso académico 2015-2016**.

O número total de prazas que se ofertan nesta convocatoria 2015-2016 é de **1071**.

O **SUR** proporciona aloxamento ó estudiantado e demais membros da comunidade universitaria, así como a outras persoas que, aínda que non pertencen a esta Universidade, participen nas actividades organizadas por ela. Para apoiar isto a Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua, no primeiro trimestre de cada curso académico, convoca e adxudica bolsas de colaboración (biblioteca, informática, socio-culturais, deportivas, etc.), ás que poden acceder residentes e colexiais.

Os **prezos** das habitacións son iguais en tódolos centros do SUR, en razón do tipo de habitación (individual ou dobre). As prazas de estudantes están subvencionadas en función da renda dispoñible do solicitante de acordo a cinco niveis. Para as rendas que sobrepasan determinado tope os prezos son sen subvención.

Requisitos: estudiantado de readmisión e de nova admisión de grao, de 1º, 2º Ciclo, de másteres universitarios oficiais, de programas de doutoramento, de cursos de posgrao propios, e investigadores en formación.

Campus de Santiago de Compostela:

Colexio Maior Fonseca. Tfno.: 881 814 376
Colexio Maior Rodríguez Cadarso. Tfno.: 881 814 354
Colexio Maior San Clemente. Tfno.: 881 814 312
Residencia Universitaria Burgo das Nacións. Tfno.: 881 811 952
Residencia Universitaria Monte da Condesa. Tfno.: 881 813 531

Campus de Lugo:

Residencia Universitaria Jesús Bal y Gay. Tfno: 982 824 300/301/302

Prazos:

Para os solicitantes de nova admisión: dende o día 1 ao 26 de xuño de 2015 ambos os dous inclusive.

Para solicitantes de readmisión: ata o 1 de xuño.

Máis información no **Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado**, tfno.: 881 814 574/582

<http://www.usc.es/sur>

Correspondentes Xuvenis do CPI Mosteiro-Meis

Luns, 11 Maio 2015 16:30



Miguel, Natalia, Mª del Carmen e Anxo son os/as **Correspondentes Xuvenís do CPI Mosteiro-Meis do Concello de Meis**.

Teñen a responsabilidade de difundir información xuvenil entre o resto do alumnado do seu instituto. Reciben a información dende a Dirección Xeral de Xuventude e dende a OMIX de Meis.

Parabéns!!

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

XXIV Curso de posgrao de Formación de Especialistas en Investigación Social Aplicada e Análise de Datos

Martes, 05 Maio 2015 07:16

CIS
Centro de
Investigaciones
Sociológicas

O Centro de Investigacións Sociolóxicas convoca o **XXIV Curso de posgrao de Formación de Especialistas en Investigación Social Aplicada e Análise de Datos 2015-2016**.

O curso, de carácter presencial, estrutúrase en dous módulos:

Módulo 1. A recollida de datos e a investigación mediante enquisas.

Módulo 2. Análise e interpretación de datos de enquisa. Inclúe cursos de técnicas de análise estatística de datos, bivariáveis e multivariáveis.

Duración: 300 horas lectivas, dará comezo a mediados de outubro de 2015 e finalizará en xullo de 2016. As sesións de traballo terán lugar entre tres e catro días por semana, en horario de 17 a 20 horas.

Requisitos: licenciados ou graduados con axeitada formación en ciencias sociais.

O **prazo** de admisión de solicitudes ewstará aberto ata o día **4 de setembro de 2015**.

Máis información no BOE do 5 de maio de 2015 e en www.cis.es

NOVAS FORMACION CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo

Venres, 08 Maio 2015 07:34

A **Escola de tempo libres Pasatempos** organiza un curso de **Monitor/a de actividades de tempo libre en Vigo**.

Datas: do 11 de maio ao 20 de xuño de 2015.

Máis información na Escola de tempo libre Pasatempos, teléfono: 693 603 349.

www.pasatemposetl.com

BOLSAS E AXUDAS FORMACION PRACTICA

Bolsas de Introducción á Investigación do CSIC

Martes, 05 Maio 2015 07:06



O **Consello Superior de Investigacións Científicas** convoca **100 bolsas de Introducción á Investigación para estudantes universitarios**, no marco do **Programa Xunta para a Ampliación de Estudos**.

Requisitos:

a) Ter finalizado os estudos de licenciatura ou de grao no curso académico 2012-2013 ou posterior e non estar en posesión ou en disposición legal de obter un título académico de Doutor.

b) Estar matriculado nun Máster Universitario oficial no curso 2014-2015 ou ter realizado a inscrición ou pre-inscrición nun Máster Universitario oficial para o curso 2015-2016.

c) Acreditar unha nota media de grao ou licenciatura igual ou superior a 7,80 nunha escala decimal de 0-10 no momento de aceptación da bolsa polo beneficiario. Os solicitantes que estean en disposición de obter o título de grao no curso académico 2014-2015, deberán acreditar unha nota media dos créditos obtidos ata a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, igual ou superior a 7,70 nunha escala decimal de 0-10.

A contía total das bolsas será de 2000 €.

O **prazo** de presentación das solicitudes estará aberta ata o **25 de maio de 2015**.

Máis información no BOE do 5 de maio de 2015 e en <https://sede.csic.gov.es/Intro2015>

Bolsas internacionais da Deputación de Ourense

Martes, 05 Maio 2015 09:12



A **Deputación Provincial de Ourense** convoca **10 bolsas internacionais**.

Requisitos:

Posuír titulación universitaria oficial de grao, licenciatura, diplomatura, Enxeñería, Enxeñería Técnica, Arquitectura, Arquitectura Técnica, acreditadas por universidades españolas ou recoñecidas polo Ministerio de Educación, ou estar en condición de obter a titulación na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.

- Posuír coñecemento dalgunha das seguintes linguas cun nivel suficiente para desenvolver unha práctica laboral axeitada ao seu grao de formación académica: portugués e/ou inglés.

- Posuír coñecementos de informática a nivel de usuario.

- Non ter gozado anteriormente dunha bolsa dun programa de Mobilidade Europea para a realización de prácticas laborais no estranxeiro.

O formulario de solicitude de bolsas internacionais só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir a través da plataforma web <http://becasinternacionais.depourense.es>

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **20 de maio de 2015**.

Máis información no BOP de Ourense do 5 de maio de 2015 e en <http://becasinternacionais.depourense.es>

Bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional

Mercores, 06 Maio 2015 07:12



A **Dirección Xeral de Relacións Exteriores** convoca **oito bolsas para a formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento**.

Os destinos das bolsas serán en *Santiago de Compostela*, na sede da *Dirección Xeral de Relacións Exteriores* e coa *Unión Europea* ou no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da *Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento* e en *organizacións internacionais multilaterais*.

Requisitos das persoas solicitantes:

- a) Ter veciñanza administrativa en Galicia.
- b) Ter nado o 1 de xaneiro de 1984 ou con posterioridade a esa data.
- c) Estar en posesión dun título universitario de licenciado/a, diplomado/a, grao ou equivalente.
- d) Non ser ou ter sido beneficiaria dunha bolsa de formación no eido da cooperación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia.
- e) Non manter relación laboral vixente co organismo que promove a bolsa nin coas entidades colaboradoras.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **6 de xuño de 2015**.

Os trámites poden facerse en <http://sede.xunta.es> co procedemento **PR809A**.

Máis información no **DOG do 6 de maio de 2015** e en www.cooperaciongalega.org

Bolsas de formación práctica no ámbito das producións e mercados agrarios

Venres, 08 Maio 2015 09:06



O **Ministerio de Agricultura** convoca **10 bolsas de formación práctica para titulados universitarios**, no ámbito das producións e mercados agrarios, nas seguintes áreas de coñecemento (dúas bolsas en cada área):

- a) Ordenación e fomento da produción gandeira.

b) Ordenación e fomento da produción agrícola nos sectores de froitas e hortalizas, plantas vivas, aceite de oliva e vitivinicultura.

c) Ordenación e fomento da produción agrícola nos sectores de cultivos herbáceos e industriais.

d) Medios de produción gandeiros.

e) Medios de produción agrícolas.

A contía destas bolsas será de 1.150 € mensuais.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **26 de maio de 2015**.

Máis información no **BOE do 8 de maio de 2015**

Bolsas no Tribunal Constitucional

Luns, 11 Maio 2015 11:03



TRIBUNAL
CONSTITUCIONAL

O **Tribunal Constitucional** convoca as seguintes bolsas:

Unha bolsa en biblioteconomía y documentación relacionada con los fondos bibliográficos del Tribunal Constitucional.

Requisitos:

Licenciado o graduado en Biblioteconomía e Documentación.

Ter finalizado os estudos para a obtención do título universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2010.

A dotación da bolsa é de 1100 € mensuais.

Seis bolsas relacionadas coa recompilación, clasificación e publicación da doutrina do Tribunal.

Requisitos:

Licenciado universitario ou grao universitario en Dereito.

Ter finalizado os estudos para a obtención do título universitario con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2010.

Posuír coñecementos de inglés ou francés correspondentes ao nivel B2 do Marco común europeo de referencia para as linguas («First Certificate», puntuación mínima de 87 no «TOEFL Internet Based Test», «Delf B.2», ou equivalentes).

A dotación da bolsa é de 1100 € mensuais.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de xuño de 2015**.

Máis información no BOE do 11 de maio de 2015 e en www.tribunalconstitucional.es

Bolsas de documentación na Xunta Electoral Central

Luns, 11 Maio 2015 13:41



A Xunta Electoral Central convoca **tres bolsas individuais para postgraduados, para a formación e colaboración na realización de traballos e estudos no ámbito da Documentación e a xestión de información e contidos relacionados coa súa actividade.**

Cada unha das tres bolsas terá unha duración de doce meses e a súa dotación será de 1.100 euros brutos mensuais.

Requisitos:

Estar en posesión do título de Grao en Información e Documentación ou de Licenciado en Documentación expedido por Universidades españolas ou homologado polo Ministerio de Educación.

Ter finalizado os estudos para a obtención do título universitario esixido con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2010.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **26 de maio de 2015**.

Máis información no BOE do 11 de maio de 2015 e en www.juntaelectoralcentral.es

PREMIOS E CONCURSOS

Concurso Escolar de Protección de Datos Personais

Martes, 05 Maio 2015 07:30



A Axencia Española de Protección de Datos, pola que se convoca o **Concurso Escolar de Protección de Datos Personais**.

Poderán participar no concurso os alumnos dos cursos de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria matriculados en calquera centro público, concertado ou privado do territorio nacional, unicamente a través dos respectivos centros.

O concurso consiste en superar nunha partida os **Pandijuegos**, os que se accede a través da dirección web www.tudecideseninternet.es

Os Pandijuegos compóñense de cinco minixogos, seguidos dun test. Os participantes, despois de lidas as instrucións de cada un dos minixogos, comezarán a súa partida na que deberán completar os cinco minixogos e o test nunha soa sesión ou partida. Se se interrompe a sesión sen concluír algún dos minixogos ou o test, a partida non queda rexistrada e o concursante terá que comezar de novo.

As puntuacións das partidas finalizadas rexistraranse adxudicándoas ao colexio do alumno que a haxa xogado.

Vencedor.

Resultará vencedor o centro no que se xogase a partida dos Pandijuegos (minixogos e test) con maior puntuación.

Inscrición.

Para participar no concurso será necesario que o colexio, a través de persoal representativo deste (profesores, titores, dirección, xefatura de estudos...), se inscriba utilizando o formulario habilitado para o efecto na páxina web da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD), no enlace www.tudecideseninternet.es

Calendario.

O concurso comezará ás 9,00 horas do 13 de maio de 2015 e finalizará ás 17,00 horas do 2 de xuño de 2015, podendo realizarse a inscrición en calquera momento deste período.

Premio.

O premio consistirá na entrega de 35 lectores de libros electrónicos para o centro que resulte gañador do concurso.

Máis información no BOE do 5 de maio de 2015 e en www.tudecideseninternet.es

II CONCURSO DE MAQUETAS CULTIVANDO MÚSICA (Festival da Luz)

Mercres, 06 Maio 2015 07:52

A **Fundación Paideia** está a poñer en marcha o proxecto para o fomento do sector musical:

II CONCURSO DE MAQUETAS CULTIVANDO MÚSICA (Festival da Luz).

Destinado a músicos/as e grupos noveles, sen obra editada. En canto aos estilos musicais que poderán participar no concurso son: tradicional, jazz, pop-rock e rap.

Máis información: www.cultivandomusica.com

Premio Fotopoético Carballo Mirando ao Mar

Venres, 08 Maio 2015 11:16

O **Concello de Carballo**, convoca este **premio de fotografía, textos poéticos, fotopoema e videopoema** con obxectivo de difundir os recursos e zoas de Carballo.

A dotación dos premios é de 5.000 euros.

Os premios presentaranse no rexisto do fóruma Carballo ou por correo certificado.

O **prazo** de presentación é ata o **25 de maio**.

Máis información www.carballo.gal

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Médico/a de familia e enfermeiro/a de atención primaria

Martes, 05 Maio 2015 06:33

O *Servizo Galego de Saúde* convoca **concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de familia de atención primaria e na categoría de enfermeiro/a.**

Prazas de médico/a de familia:

36 de acceso libre

41 de promoción interna

Prazas de enfermeiro/a:

91 de acceso libre

103 de promoción interna

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **4 de xuño de 2015**.

Máis información no DOG do 4 de maio de 2015 e en www.sergas.es

Chofer para máquina rozadora en Verín

Martes, 05 Maio 2015 14:18

O *Concello de Verín* necesita contratar **un chofer para máquina rozadora.**

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **14 de maio de 2015**.

Máis información na **OMIX de Verín**, teléfono 988 410 000.

Técnico/a para o Instituto Galego da Calidade Alimentaria

Xoves, 07 Maio 2015 08:17

O **Instituto Galego da Calidade Alimentaria** convoca un **proceso selectivo para a contratación dun/dunha técnico/a I**, para proxectos específicos de investigación científica e técnica para o desenvolvemento dos obxectivos do Plan de innovación e mellora forestal de Galicia.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **16 de maio de 2015**

Máis información no DOG do 7 de maio de 2015 e en http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/

Convocadas 2 prazas temporais para licenciados en química na UDC

Venres, 08 Maio 2015 11:14

A *Universidade da Coruña*, convoca estas **2 prazas temporais (6 meses)**, como **colaboradores en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o día **5 e 6 de maio** na páxina www.udc.es

Convocadas 2 prazas temporais de licenciados en psicoloxía na UDC

Venres, 08 Maio 2015 11:14

A *Universidade da Coruña*, convoca estas **dúas prazas (5 meses 22 días)**, como **colaborador en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é **10 días** desde a publicación o **6 de maio** na páxina www.udc.es

Convocadas 2 prazas para licenciados ou graduados en Economía na UDC

Venres, 08 Maio 2015 11:15

A *Universidade da Coruña*, convoca estas **2 prazas (22 meses)**, como **colaboradores en proxectos de investigación**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación o **7 de maio** na páxina www.udc.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net